

**Actuación cofinanciada polo FEMP nun 75%. Programa operativo español
2014ES14MFOP001 [Prioridade 1 - OE1.b] - medida 121] OIG: Dirección Xeral de
Desenvolvemento Pesqueiro**

PROXECTO: Protección e recuperación da biodiversidade mariña e conservación dos recursos mariños no ámbito da confraría de Moaña. (PE209C-2021F-002)”

Este proxecto esta regulado pola orde do 10 de xuño de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2021, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a proxectos colectivos financiados polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), que contribúan á protección e recuperación da biodiversidade mariña a través dunha mellor xestión e conservación dos recursos mariños e dos seus ecosistemas, así como ao fomento da sensibilización ambiental (código de procedemento PE209C).

Para a realización deste proxecto, se concedeu unha axuda por un importe **102.526,96 €** a **Confraría de Pescadores San Martín de Moaña**.

Obxecto da operación:

- a) Elaboración e seguimento dos plans de co-xestión de recursos mariños vivos. Avaliación do estado de conservación e da biodiversidade, nos paraxes de Natura 2000, nas zonas mariñas protexidas e nos hábitats costeiros de importancia para os organismos mariños.
- b) Optimización e seguimento dunha correcta xestión dos recursos biolóxicos mariños. Análise dos descritores definidos na Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña. Cartografado dos hábitats e das especies, especialmente das exóticas invasoras. Seguimento e vixilancia dos hábitats e das especies. Cartografado da actividade extractiva realizada polos socios da entidade. Seguimento de indicadores de abundancia, da composición específica das capturas e da súa estrutura de tamaños.
- c) Formación dos pescadores-as orientada a adquirir novas competencias vinculadas a unha mellor xestión e conservación dos recursos mariños vivos e dos ecosistemas en que viven.
- d) Aumento da sensibilización ambiental coa participación directa dos/das pescadores/as, que pode incluír campañas de divulgación.
- e) Contribución á vixilancia epidemiolóxica: envío de mostras ao Intecmar para coñecer o estado sanitario das augas e especies marisqueiras.
- f) Operacións de salvagarda do medio mariño e das súas especies, que se levarán a cabo establecendo condicións de acceso ás zonas de pesca.

